



# ULLA

## NATURALMENTE

Caderno de campo

## Datos persoais

Nome: \_\_\_\_\_

Apelidos: \_\_\_\_\_

Centro educativo: \_\_\_\_\_

Lugar: \_\_\_\_\_

Concello: \_\_\_\_\_



## Dámosche a benvida a Ulla Naturalmente!

Propoñémosche iniciar un percorrido co que descubrirás a paisaxe natural e humana da túa contorna máis próxima.

Este caderno de campo que tes nas túas mans servirá para tomar anotacións e facer actividades coas que acadarás maiores coñecementos en relación a todo o que te rodea e mesmo poderás chegar a ser **Vixía do río Ulla**.

## Sabías que...

~ O río Ulla é o segundo río galego con maior extensión, despois do Miño. Desde o seu nacemento, na Ulloa, ata a súa desembocadura, na ría da Arousa, percorre 132 quilómetros bañando 19 concellos. A súa conca, é dicir o río máis os seus afluentes, mide 2.804 quilómetros cadrados.

~ O lugar onde coinciden os lindeiros das provincias de Lugo, A Coruña e Pontevedra está na ribeira do río Ulla e ademais este río serve de fronteira natural entre as dúas últimas provincias.


~ Destaca pola variedade e cantidade de animais e plantas que acolle nas súas augas e ribeiras.

# PAISAXE NATURAL

**Sabías que...** O bosque de ribeira está formado por ameneiros, freixos, bidueiros e salgueiros, principalmente.

- Une con frechas as imaxes e os seus respectivos nomes.


AMIEIRO / AMENEIRO  
*almus glutinosa*



FREIXO  
*fraxinus excelsior*



BIDUEIRO  
*betula alba*



SALGUEIRO  
*salix atrocinerea*



**Sabías que...** Os salgueiros, xunto cos ameneiros e os bidueiros, forman as árbores de primeira liña do río. Pero tamén hai árbores en segunda liña, en terceira liña e árbores invasoras.

- Serías quen de identificar algunha árbore destas características? Investiga e escribe!

| Árbores en segunda liña | Árbores en terceira liña | Árbores invasoras |
|-------------------------|--------------------------|-------------------|
|                         |                          |                   |


**Sabías que...** As follas das árbores teñen distintas formas, e coñecer este dato sérvenos para identificalas.

Segundo a forma do limbo, podemos atoparnos con follas:


|                    |                                                                                            |
|--------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Elípticas</b>   | Forma de elipse<br>(castiñeiro, limoeiro, pradoiro...)                                     |
| <b>Lanceoladas</b> | Forma de punta de lanza<br>(loureiro, nogueira, salgueiro chorón...)                       |
| <b>Aciculadas</b>  | Alongada, delgada e aguzada<br>(piñeiros, teixos, araucarias...)                           |
| <b>Ovais</b>       | Forma de curva pechada e alongada, coma un ovo<br>(carballo, buxo, aciñeira...)            |
| <b>Codiformes</b>  | Forma de corazón<br>(bidueiro, chopo, olmo...)                                             |
| <b>Palmeadas</b>   | Teñen máis dun nervio principal que se ramifica.<br>Semellan unha man aberta (figueira...) |
| <b>Lineais</b>     | Forma con figura semellante a unha liña<br>(breixo...)                                     |

•Que árbores serán? Imos aprender a identificar as árbores polo tipo de folla e logo... serás quen de identificar a que árbore pertence cada folla?

### Segundo a marxe



### Segundo a forma do limbo



• Agora que xa sabes identificar as follas das árbores, propoñemos que cubras o que falta desta ficha. Se atopas a folla no chan pégaa no recadro correspondente!

Nome da árbore

Nome do froito

Tipo de folla



Nome da árbore


Nome do froito

Tipo de folla




- Estas follas pertencen a outras das árbores que podes atopar á beira do río Ulla. Une cos puntos o debuxo e adiviña a qué árbore pertence:

Dámosche unha pista, ou é de sobreiras ou é de castiñeiros.



As súas follas son persistentes, simples e alternas. Son lobuladas ou dentadas; verdes por diante e verde-grisáceas polo envés. O froito desta árbore é a landra. Que árbore é?

---



As súas follas son máis ben elípticas. Estreitas. Serradas. Con nervios moi marcados. Polo envés teñen pelos moi finíños, cando son novas. O froito desta árbore é a castaña. Qué árbore é?

---

- Esta flor de que planta vén sendo?



O nome científico desta planta é *Ulex europaeus* e cada vez vémosla en máis leiras e prados. Sabes como lle chamamos?

---

E á súa flor?

---

E se te chaman “toxo” que queren dicir?

---



O nome científico desta planta é *Iris pseudacorus* e, aínda que non é autóctona, cada vez vémosla máis pola ribeira do río, nas zonas empozadas. Pero....nós como lle chamamos?

---

Búscaa pola beira do río e faille unha foto a esta planta: envía a [ullanaturalmente@gmail.com](mailto:ullanaturalmente@gmail.com) co nome que cres que ten. Tamén podes imprimila, recortala e pegala aquí.

- Indica o nome de 5 animais que coñezas e que existan no teu contorno:

1 \_\_\_\_\_

2 \_\_\_\_\_

3 \_\_\_\_\_

4 \_\_\_\_\_

5 \_\_\_\_\_

- Sabes o que son?


|                    |  |
|--------------------|--|
| Animais salvaxes   |  |
| Animais domésticos |  |

- Tes animais na casa?

SI ☐ NON ☐ Cales? \_\_\_\_\_

**Sabías que...** O río Ulla conta cun grande interese biolóxico porque no seu curso acolle diferentes especies de animais que se atopan adaptadas á vida do río, e que algunhas delas están protexidas polo risco de que desaparezan.

- Une os puntos e colorea:



Que nome recibe este animal? \_\_\_\_\_

**Sabías que...** De entre as especies de fauna que existen no río Ulla, o salmón destaca pola súa importancia; é o “peixe rei”.

- Entrevista unha persoa do teu contorno: pai, nai, avó, avoa, tío, tía, primo, prima, familiar, veciño ou veciña....

## Ficha de recollida

Data de recollida: \_\_\_\_\_

Nome: \_\_\_\_\_

Lugar: \_\_\_\_\_

1. Por que cres que a fauna piscícola do río Ulla hoxe non é tan abundante como antano?

---



---

2. Como cres que inflúe a contaminación neste proceso?

---



---

3. E a presión dos pescadores e das pescadoras?

---



---

4. Recordas algunha historia ou anécdota en relación cos salmóns do río Ulla?

---



---



---




---

Cando remates a ficha, puntúate como Vixía do río Ulla ☆☆☆☆☆

**Sabías que...** Entre a fauna do río Ulla e da ría da Arousa destacan...



salmón



lamprea



zamborca



merlo rieiro



troita



martiño peixeiro



salamántiga / píntega




londra



escalo



auganeira / rata de auga



anguía



mexillón de río

• Clasifica os animais anteriormente presentados segundo a súa clase:

**Mamíferos / Aves / Peixes / Réptiles / Anfibios**

\* Cubre a táboa da páxina seguinte.

| Mamíferos | Aves | Peixes | Réptiles | Anfibios |
|-----------|------|--------|----------|----------|
|           |      |        |          |          |

• Clasifica os animais (da lista anterior) en:


| Vertebrados | Invertebrados |
|-------------|---------------|
|             |               |

• A maiores dos animais invertebrados da lista, achega 5 exemplos que se atopen nas proximidades do río Ulla:

- 1 \_\_\_\_\_
- 2 \_\_\_\_\_
- 3 \_\_\_\_\_
- 4 \_\_\_\_\_
- 5 \_\_\_\_\_

**Sabías que...** Unha pegada é o sinal que un corpo deixa no chan ou noutro soporte cando se despraza ou se move. Non só os animais deixan pegadas, senón que as persoas tamén as temos, e a de cada unha é diferente.

- Debuxa o contorno da túa man nesta páxina e logo observa o seu interior e debuxa as diferentes liñas que a compoñen; na palma, nos dedos...



- Sae de rastrexo polo contorno na compañía dunha persoa adulta para procurar unha pegada de animal. Debúxaa e identifica de que animal é.



Animal: \_\_\_\_\_

**Sabías que...** Un afluente é un río secundario que desemboca noutro considerado como principal. É dicir, non desemboca no mar, senón nun río máis importante.

O río Ulla ten moitos afluentes, máis de 30 de tamaño mediano ou grande; algúns deles son (por orde, desde o nacemento ata a desembocadura):

- Pambre** Desemboca no Batán (Palas de Rei, Lugo)
- Furelos** Desemboca na Pontenova (Santiso, A Coruña)
- Arnego** Desemboca no encoro de Portodemouros, no Marquesado (Agolada, Pontevedra)
- Deza** Desemboca entre Gres (Vila de Cruces, Pontevedra) e Cira (Silleda, Pontevedra)
- Liñares** Desemboca na Aldea Grande (A Estrada, Pontevedra)

- Pereiro** Desemboca en Agromaior (Teo, A Coruña)
- Vea** Desemboca preto de Vilacriste (A Estrada, Pontevedra)
- Sar** Desemboca augas abaixo da Aduana polo seu curso e augas arriba desa vila a través dunha canle para evitar inundacións (Padrón, A Coruña)
- Louro** Desemboca na Carballa (Valga, Pontevedra)
- Catoira** Desemboca na vila do mesmo nome (Catoira, Pontevedra)

- Busca os afluentes na sopa de letras

|   |   |   |   |   |   |   |   |   |   |   |   |   |   |   |   |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| X | A | X | K | G | L | C | Z | P | S | L | U | E | G | G | A |
| W | K | Z | O | I | I | A | Q | A | D | O | X | Y | L | K | R |
| G | F | O | Z | E | Ñ | T | H | M | C | U | Q | B | A | E | N |
| W | U | A | J | F | A | O | I | B | B | R | E | T | U | C | E |
| B | K | F | R | M | R | I | V | R | E | O | E | Q | Y | U | G |
| O | R | N | P | I | E | R | M | E | E | O | F | W | U | D | O |
| M | X | O | N | R | S | A | S | A | R | S | E | C | P | U | Y |
| F | U | R | E | L | O | S | I | A | O | E | G | T | B | U | E |
| E | L | G | T | S | P | E | S | E | F | S | Q | Z | E | F | O |
| G | C | A | L | Q | E | E | F | Q | I | R | P | D | U | A | S |
| J | U | E | U | D | R | A | W | C | I | X | A | X | Z | A | Z |
| Y | G | V | E | A | E | O | B | B | M | E | Z | D | E | Z | A |
| H | C | F | Q | A | I | J | K | Y | T | X | Z | E | L | E | M |
| Y | E | G | O | X | R | N | F | P | M | P | G | P | M | E | J |
| E | E | U | L | Z | O | U | Q | R | N | O | F | A | T | K | N |
| J | M | L | O | B | R | X | M | U | A | X | N | U | X | G | A |

**Vea**  
**Eurelos**  
**Catoira**  
**Louro**  
**Sar**  
**Pereiro**  
**Deza**  
**Liñares**  
**Pambre**  
**Arnego**

- Á beira da túa casa pasa algún río? Cal? \_\_\_\_\_

**Sabías que...** O río Ulla baña 20 concellos antes de chegar á ría da Arousa. Ten un caudal máximo de 79,3 m<sup>3</sup>/s (metros cúbicos, unidade de volume; por segundo, unidade de tempo), a extensión ten uns 2.804 km<sup>2</sup> (quilómetros cadrados, unidade de superficie) e de lonxitude percorre uns 132 quilómetros.

- 132 quilómetros: é a mesma distancia que hai entre A Coruña e Pontevedra, ou, se fixésemos o Camiño de Santiago, sería como empezar a andar no Cebreiro.

Ata onde chegarías ti estando onde estás se percorreres 132 quilómetros? Que che boten unha man na casa ou na escola e fai uso dun mapa ou dun GPS ou outro dispositivo de posicionamento. Indica distancia de comezo e fin:

Comezo \_\_\_\_\_ Fin \_\_\_\_\_

**Sabías que...** O caudal é a cantidade de auga que leva unha corrente ou que flúe dun manancial ou fonte.

- ~ O río **Miño** acada un máximo de **340 m<sup>3</sup>/s**
- ~ O río **Tambre** acada un máximo de **54,1 m<sup>3</sup>/s**
- ~ O río **Sil** acada un máximo de **100 m<sup>3</sup>/s**
- ~ O río **Ulla** acada un máximo de **79,3 m<sup>3</sup>/s**



- Ordea de maior a menor o caudal destes catro importantes ríos que acabamos de comentar:


- 1 \_\_\_\_\_
- 2 \_\_\_\_\_
- 3 \_\_\_\_\_
- 4 \_\_\_\_\_

## PAISAXE HUMANA

**Sabías que...** A tradición oral está composta por todas aquelas historias, lendas, refráns, cántigas... que pasaban de boca en boca, e de xeración en xeración, e que naceron da conciencia colectiva do pobo que buscaba dalgunha maneira explicar o que pasaba na súa contorna.

- Desenvolve unha recollida de campo sobre historias, lendas, ditos e refráns, cántigas, cancións... sobre o río Ulla. Para iso, ponte en contacto con familiares, veciños ou veciñas e cubre a ficha de recollida de campo que tes na páxina seguinte.
- Envía a información que recollas na ficha a: [ullanaturalmente@gmail.com](mailto:ullanaturalmente@gmail.com)  
Toda a información das recollidas de campo publicaranse nun espazo web aberto e accesible a todas as persoas.
- Seguimos coas historias e agora tócache a ti ser quen escriba **A historia sobre o río Ulla**. Para iso, tes unha serie de palabras que terás que empregar na historia que ti crees.

As palabras son:



---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

Ficha de recollida de campo:

### A tradición oral arredor do río Ulla

Data: \_\_\_\_\_

Lugar de recollida: \_\_\_\_\_

Preguntas persoais: (da persoa á que lle realizas a recollida)

Nome e apelidos: \_\_\_\_\_

Data e lugar de nacemento: \_\_\_\_\_

Coñecemento dalgunha: (indicar cal)

☐ Historia ☐ Lenda ☐ Dito / refrán ☐ Cántiga ☐ Canción

Escríbea aquí:

---

---

---

---

---

---

---

---

Quen lla contou e transmitiu á persoa que lle realizas a recollida?

Nome e apelidos: \_\_\_\_\_

Lugar de residencia: \_\_\_\_\_

Cando remates de cubrir a ficha, puntúate como **Vixía do río Ulla** ☆☆☆☆☆

**Sabías que...** A toponimia é o conxunto de nomes propios dun territorio ou dun lugar.

- Recolle o nome de 3 ríos ou regueiros que discorran polo teu concello, que ou ben sexan afluentes do río Ulla, ou senón que vertan as súas augas nun afluente do Ulla.

1 \_\_\_\_\_  
2 \_\_\_\_\_  
3 \_\_\_\_\_



- Investiga o nome de 5 “leiras” que se atopen nas proximidades da túa casa (ou dalgunha persoa coñecida), e infórmate coas persoas maiores do lugar, do porqué dese nome.

1 \_\_\_\_\_  
2 \_\_\_\_\_  
3 \_\_\_\_\_  
4 \_\_\_\_\_  
5 \_\_\_\_\_

- Descubre a orixe e o significado do nome do río Ulla.

---

---

---

---

---

**Sabías que...** Un paseo polas beiras do río Ulla descúbrenos moitos elementos que nos permiten entender o contorno no que vivimos. Dependendo do lugar no que te atopes poderás percibir a presenza de animais, plantas, árbores ou persoas

- Debuxa o que ves no lugar onde te atopas agora ou fai unha foto onde se vexa a paisaxe e a túa man e envíanola a [ullanaturalmente@gmail.com](mailto:ullanaturalmente@gmail.com) Así, poderemos comprobar o estado do espazo.

Nome do lugar: \_\_\_\_\_

Hai presenza de actividade humana? Edificacións, industria, terras labradas...

Cal? \_\_\_\_\_

- Vemos lixo? Percibes contaminación no ambiente? Hai lixo á vista?

Marca cun “X” onde corresponda:

Data da recollida: \_\_\_\_\_

| OBXECTOS                                | ESCASOS | ALGÚNS | MOITOS |
|-----------------------------------------|---------|--------|--------|
| Plásticos derivados da pesca            |         |        |        |
| Bolsas                                  |         |        |        |
| Aceite, gasóleo                         |         |        |        |
| Electrodomésticos                       |         |        |        |
| Pilas, baterías                         |         |        |        |
| Restos de téxtil, calzado               |         |        |        |
| Restos vexetais, papel, cartón, madeira |         |        |        |
| Restos de alimentos                     |         |        |        |
| Excrementos                             |         |        |        |
| Residuos médicos, sanitarios            |         |        |        |
| Vidro                                   |         |        |        |
| Latas                                   |         |        |        |
| Outros restos                           |         |        |        |

- Que é o máis positivo e o máis negativo do que ves?

| O MÁIS POSITIVO (+)<br>Cuestións de interese para poñer en valor | O MÁIS NEGATIVO (-)<br>Os problemas, o que non nos gusta |
|------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------|
|                                                                  |                                                          |

## Sabías que...

~ A **Rede Natura 2000** é a maior rede de espazos naturais protexidos do mundo.

~ É unha rede de espazos protexidos para a conservación da biodiversidade dentro da Unión Europea.

~ Os Parques Naturais, Parques Nacionais e as Reservas da Biosfera están incluídos na Rede.

~ Son os lugares onde temos maior diversidade de especies de fauna e de flora. Estes espazos repártense entre ZEPA, LIC e ZEC.

~ ZEPA son as siglas de **Zona de Especial Protección para as Aves**

~ LIC son as siglas de **Lugares de Importancia Comunitaria**

~ ZEC son as siglas de **Zona de Especial Protección**

É tan importante esta rede que incluso se conmemora o seu día en toda Europa: si, existe o Día Europeo da Rede Natura 2000.

- Tócache a ti dicirnos cando é o Día Europeo da Rede Natura 2000?

\_\_\_\_\_

## Importante!

O río Ulla tamén está dentro desta Rede!

Podes saber máis na seguinte ligazón: <http://natura2000.eea.europa.eu/>

**Sabías que...** O Sistema Fluvial Ulla-Deza é un LIC da Rede Natura 2000.

- Que dixemos que significaba iso de LIC?

L \_\_\_\_\_ de I \_\_\_\_\_ C \_\_\_\_\_

- Propoñémosche un exercicio de atención.

Onde te atopas? (Lugar) \_\_\_\_\_

Se estás a pasear pola beira do río, algo que vas escoitar inevitablemente é a auga. Pero... se escoitas un pouquiño máis, que outros ruídos ou sons podes identificar?

Toma nota e ten en conta que poden ser sons de orixe natural ou humana.

| SONS NATURAIS | SONS HUMANOS |
|---------------|--------------|
| Auga do río   |              |

- Que sons che molestan máis e por que?

---



---



---

**Sabías que...** Os ríos estrutúranse en 3 tramos claramente diferenciados.

~ **Curso alto:** a parte máis próxima á cabeceira.

~ **Curso medio:** a pendente diminúe e a velocidade das augas descende; aumenta o caudal, constrúense aquí os encoros ou presas e aparecen os afluentes.


~ **Curso baixo:** a zona máis próxima á desembocadura, onde se ensancha e se depositan todos os sedimentos que veu arrastrando no seu percorrido.

- No mapa identifica os cursos do río Ulla: curso alto, curso medio e curso baixo.

• Sitúa no mapa o nome de todos os concellos que están bañados polo río Ulla. Para desenvolver esta actividade podes apoiarte nunha busca en internet.

• Neste mesmo mapa, sitúa o concello onde vives e pinta o contorno.

|                      |                       |
|----------------------|-----------------------|
| <b>A Estrada</b>     | <b>Ponteceures</b>    |
| <b>Agolada</b>       | <b>Rianxo</b>         |
| <b>Antas de Ulla</b> | <b>Santiso</b>        |
| <b>Arzúa</b>         | <b>Silleda</b>        |
| <b>Boqueixón</b>     | <b>Teo</b>            |
| <b>Catoira</b>       | <b>Touro</b>          |
| <b>Dodro</b>         | <b>Valga</b>          |
| <b>Monterroso</b>    | <b>Vedra</b>          |
| <b>Padrón</b>        | <b>Vila de Cruces</b> |
| <b>Palas de Rei</b>  |                       |



**ULLA NATURALMENTE**



## Apuntamentos de patrullán

ULLA NATURALMENTE

ULLA NATURALMENTE

ULLA NATURALMENTE

ULLA NATURALMENTE

ULLA NATURALMENTE

ULLA NATURALMENTE

ULLA NATURALMENTE

ULLA NATURALMENTE

ULLA NATURALMENTE

ULLA NATURALMENTE

ULLA NATURALMENTE

ULLA NATURALMENTE

ULLA NATURALMENTE

ULLA NATURALMENTE

ULLA NATURALMENTE

ULLA NATURALMENTE

ULLA NATURALMENTE

ULLA NATURALMENTE

ULLA NATURALMENTE

## VIXÍAS DO ULLA

**Sabías que...** a contaminación é calquera substancia ou forma de enerxía capaz de danar un ecosistema, un medio físico ou un ser vivo, alterando o seu estado natural, e polo xeral, como consecuencia da actividade humana. A contaminación afecta directamente á nosa saúde.

Despois de todo o visto e aprendido neste Caderno de Campo podemos asegurar que xa estás en condicións de formar parte do gran equipo de **Vixías do Ulla**, que tamén denominamos **PATRULLÁNS!!!!**

• Iso si, tes que lembrar unha serie de **ASPECTOS CLAVE** que toda persoa que queira patrullar o río Ulla con visión ecolóxica e ter acceso a un carné de Patrullán debe cumprir:

1. A auga é imprescindible para o ser humano e para a vida en xeral.
2. As plantas e árbores que están á beira do río teñen as súas propias funcións. Non estragues o lugar.
3. Hai plantas, árbores e/ou animais autóctonos (son de aquí) ou alóctonos (son de fóra). Se as especies alóctonas son invasoras, promove de saídas de limpeza das ribeiras do río.
4. Se vas facer algunha actividade de limpeza, evita as bolsas e colle caldeiros ou cestos.
5. O río Ulla é moi importante para os concellos que viven nas súas marxes. Participa dos roteiros que se programan no concello e utiliza os camiños que xa existen.

6. As historias que nos contan sobre os lugares debemos telas en conta para non esquecer quen somos e de onde vimos. Grava ou anota os refráns, historias ou lendas que che contan as persoas maiores. Son historia viva.
7. Se tes conciencia ambiental non farás dano a todo o que tes arredor. Non tirarás lixos, porque os gardarás ata atopar onde botalos, e non farás ruído, porque podemos molestar.
8. Debemos coñecer o territorio onde estamos e saber situarnos nos mapas. Practica o sentido da orientación.
9. Se temos calquera accidente ou problema de saúde o primeiro que temos que facer é pedir axuda chamando a este número de teléfono: 112.
10. Leva o caderno de campo, o teu carné de Patrullán e unha cámara de fotos para inmortalizar momentos únicos.

**Xa podes recortar o teu carné, poñerlle foto e datos de identificación e gozar do río Ulla!**



**Para saber máis:**

[www.raiceiros.org](http://www.raiceiros.org)

[www.facebook.com/AsociacionRaiceiros/](https://www.facebook.com/AsociacionRaiceiros/)

# BIBLIOGRAFÍA

Arquivo da Asociación Raiceiros. *Materiais de recollida de campo*

Asociación Cultural Irmandade dos Apañacastañas (30 de 11 de 2018).

O sitio web do **Apalpador**. Recuperado de <https://www.apalpador.gal/>

Concello de Vigo (2011). Guías Vigo por Dentro. *Guía Didáctica Contorna Natural Lagoa Mol*.

Vigo: Concello de Vigo. Servizo de Educación.

Concello de Vigo (2011). Guías Vigo por Dentro. *Contorna natural Río Eifonso*.

Vigo: Concello de Vigo. Servizo de Educación.

Dirección Xeral de Conservación da Natureza. Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. Xunta de Galicia (2012). *Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia*. Documento de síntese. En: Anexo V. Espazos de Humidais e Corredores Fluviais (pp. 466-493). Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

Domínguez Lerena, S. e Martínez Rodríguez E. (2003). *O segredo das árbores*. Santiago de Compostela: Consellería de Medio Ambiente - Centro de Desenvolvemento Sostible. Unión Fenosa.

Fernández, J.S. (1995). *Distribución de algunas especies de vertebrados terrestres en la cuenca del río Ulla (Galicia) en relación con la calidad de las aguas*. En: *Ecología*. Nº9, 1995, pp. 353-365.

Fernández, S. L. (07 de 12 de 2018). *A vida nos ríos galegos*. Recuperado de <http://www.ríos-galegos.com/>

Freire Boado, M.Á. e Guitián Rivera, L. (2005). *Caracterización de la vegetación en los ambientes ribereños del curso medio del río Ulla*. En: *Xeografía. Revista de Xeografía, Territorio e Medio Ambiente*. Nº 5, 2005, pp. 61-83.

García Camporro, C. e Gutiérrez Roger, X. (2000). *A paisaxe. Caderno de educación ambiental para o estudo e a interpretación da paisaxe*. Santiago de Compostela: Consellería de Medio Ambiente. Xunta de Galicia.

García, I. (coord.,2009). Programa Educativo Ulla Elemental. *A auga, materiais e recursos didácticos*. Santiago de Compostela: Concello de Vedra.

García, I., Neira, H., Riveiro, S., Rodríguez, P.A. e Rodríguez, H. (2013). *As pontes do río Ulla. Natureza e cultura*. Vedra/Santiago de Compostela: Asociación Raiceiros/Andavira Editora.

Gozado do Ulla (11 de 11 de 2018) [Páxina de Facebook]. Recuperado de <https://www.facebook.com/GozadoUlla/>

Loza, D., Sobrino, A. e Rodríguez, I.(coords.,2003). Programa Atlántida. *Caderno de formación, navegación e observación do medio mariño*. Santiago de Compostela: Dirección Xeral de Xuventude, Consellería de Familia, Xuventude e Voluntariado, Xunta de Galicia.

Neira, H., Neira, X., Tarrío, A. e Albela, G. (2007). *O Val do Ulla. Unha comarca natural*. Vedra: Asociación Raiceiros.

SEO Bird Life. *Educación SEO* (11 de 11 de 2018). Recuperado de <http://educa.seo.org>

Elaboran e coordinan: Sofía Riveiro Olveira e Iván García García

Colaboran: Manuel García Torre, Henrique Neira Pereira, Héctor Rodríguez Martínez, Jesús Rodríguez Rodríguez

Deseña e maqueta: Isabel Albela González

Depósito Legal: C 222-2019

ISBN: 978-84-09-09271-0

Edita:



Co apoio de:



Concello  
de Vedra



Deputación  
DA CORUÑA



Ano: \_\_\_\_\_

**Vixía do Ulla**


Nome: \_\_\_\_\_

Apelidos: \_\_\_\_\_

Zona de acción: \_\_\_\_\_

Teléfono: \_\_\_\_\_

Sinatura: \_\_\_\_\_





Este caderno de campo que tes nas  
túas mans servirá para tomar  
anotacións e facer actividades coas  
que acadarás maiores coñecementos  
en relación a todo o que te rodea  
e mesmo poderás chegar a ser

**Vixía do río Ulla!**

**Raiceiros**